

## CONCLUSIÓN



As principais conclusións deste traballo de investigación en relación cos diferentes obxectivos e hipóteses formuladas e o proceso metodolóxico seguido son as seguintes:

## I. SOBRE O DIAGNÓSTICO DESCRIPTIVO DAS CARACTERÍSTICAS PERSOAIS, ACADÉMICAS E PROFESIONAIS DOS COLECTIVOS ENQUISADOS

1ª) A **mostra real** e definitiva estivo constituída polos seguintes colectivos e número deles seguinte:

- 1º. Alumnado: 4013
- 2º. Pais/Nais: 2408
- 3º. Profesores-titores: 924
- 4º. Directores de centros educativos: 176
- 5º. Orientadores de equipos específicos: 21
- 6º. Orientadores de centros docentes: 167
- 7º. Inspectores de Educación: 55
- TOTAL: 7764 persoas.

2ª) Referente ó perfil do **alumnado** dos diversos niveis educativos non universitarios é o que se expresa a continuación:

A media de idade de 14'4 anos cun equilibrio en relación co xénero e predominio de residentes en vilas e cidades das provincias da Coruña e Pontevedra, escolarizados maioritariamente en centros educativos públicos (78%). Hai un relativo equilibrio entre o alumnado que cursa educación primaria e secundaria, con predominio lixeiro deste último. Na maioría do alumnado non hai repetidores de curso (76'5%), e residen co pai e coa nai un 85% de casos.

3ª) En canto ó perfil da **familia** dos escolares, destaca unha maior actitude de implicación das nais na contestación ó cuestionario de investigación (70% da mostra). A media de idade dos pais é algo superior á das nais, con medias ó redor dos 40 anos.

4ª) Sobre o **profesorado** que responde ó instrumento é de 44 anos e existe unha predominancia das mulleres (65%) respecto dos varóns (35%).

O colectivo amosa unha notable experiencia docente, cun 43% con máis de 20 anos e un 78% superior ós 10 anos. Á titoría dedícalle entre 1-2 horas á semana o 57% dos profesores enquisados e un 23% entre 3-4 horas, cunha lixeira diferenza a favor dos docentes de educación secundaria.

Hai bastante equilibrio entre a titulación de mestre (40%) e de licenciatura (37%) dos ensinantes enquisados.

En canto ó número de escolas adscritas ó Departamento de Orientación existe unha porcentaxe de 29% cunha soa, un 25'5% con dúas e un 15% sen ningunha adscrición.

5ª) No relativo ós **orientadores** dos centros docentes, a media é de 42 anos de idade, de xénero feminino (64%), cunhas cifras semellantes ás do profesorado titor.

É tamén ampla a experiencia docente deste colectivo e menor a orientadora e, así, hai un 73% que teñen máis de 10 anos de exercicio como docente. Sen embargo, esa porcentaxe deles amosa ter menos de 6 anos de actuación en funcións orientadoras.

É moi equilibrada a porcentaxe de profesionais da orientación que posúen o título de mestre e licenciatura (47'4%) respecto dos que dispoñen só de licenciatura (50%) e, así mesmo, son parellas tamén as cifras entre os licenciados en psicoloxía (45%) sobre os de pedagogía (42%).

Hai un menor dominio dos orientadores que traballan en colexios públicos de educación infantil e primaria (38'5%), referente ós de secundaria (47%),

Un 42% dos orientadores sinala que teñen máis de 80 alumnos adscritos ó Departamento de Orientación, o que incide no traballo complementario destes profesionais. Nestas situacións, sería preciso o reforzo dalgún profesional máis da orientación para poder atender mellor este alumnado.

6ª) En canto ós **orientadores de equipos específicos**, a súa idade é algo superior á dos centros educativos, cunha media de 48'5 anos, con predominio dos varóns (57%) sobre as mulleres (43%), mostrando unha maior conexión nesta variable con outras profesións directivas no ensino (inspectores e directores), máis que con outros profesionais da orientación, como son os orientadores dos centros e os profesores-titores.

Destaca, así mesmo, neste grupo unha elevada experiencia docente e orientadora con máis do 70% en ambas as dúas situacións por separado, cunha lixeira diferenza a favor desta última, inverténdose neste caso a realidade respecto dos orientadores de centros docentes.

Unha porcentaxe ampla deste grupo profesional (55%) son mestres e licenciados e existe, asemade, bastante equilibrio entre os que posúen a licenciatura en pedagogía (30%) sobre os de psicoloxía (25%).

7ª) Polo que se refire ós **directores de centros educativos**, a media de idade é de 49 anos, cunha porcentaxe de homes superior á de mulleres (65% e 35%, respectivamente).

É maior a experiencia docente (95% teñen máis de 10 anos de exercicio docente) e menor a de dirección, pois é un 26% o que posúe máis de 10 anos de experiencia como director/a.

Sobresae un 34% que ten licenciatura, un 33% que é mestre, un 14% que é mestre e licenciado, un 11'5% diplomado universitario e un 7'5% que posúe outros títulos.

Sobre o sistema seguido de elección para director, hai tamén bastante equilibrio entre os que foron elixidos democraticamente (44%) respecto do escollido polo sistema de designación directa pola Administración educativa (41'5%). O resto foi nomeado polo propietario do centro educativo (14'5%).

Nas institucións onde exercen, hai APA nun 86% e asociación de alumnos nun 14% soamente.

8ª) Sobre os **inspectores de Educación**, o seu perfil corresponde cunha media de idade de 55 anos, o que representa o grupo de profesionais do ensino enquisado de maior idade, con predominio da porcentaxe de homes (73%) respecto da de mulleres (27%). Expresa unha preponderancia do xénero masculino nas funcións directivas e supervisoras na educación.

Sobresae neste grupo unha elevada experiencia docente (un 82% posúe máis de 10 anos) e na función inspectora (o 60% ten máis de 10 anos nesta).

Hai un relativo equilibrio entre os inspectores que son mestres e licenciados (47%) e os que teñen a licenciatura exclusivamente (41%).

Existe un 60% de inspectores/as que non dispoñen de estudos de psicopedagogía na súa carreira universitaria, sobre un 40% que si a posúen.

Sobre o sistema de acceso á Inspección Educativa, un 40% fíxoo pola vía de concurso-oposición e un 32% por concurso de méritos. Un elevado 28% ingresou por outros procedementos distintos dos anteriores.

## II. REFERENTE Á ANÁLISE ESTATÍSTICA DOS DATOS ANALIZADOS

1ª) Destaca unha elevadísima fiabilidade dos cuestionarios en todos os colectivos enquisados e sobresaen os de pais/nais con 0'94 e 0'93, respectivamente, nas columnas A (realización de accións orientadoras e tutoriais) e B (importancia destas), obtidos a través do sistema Alpha de Cronbach.

2ª) A análise factorial global de todos os colectivos enquisados amosa nas tres columnas A, B e C do cuestionario un factor moi relevante que explica a alta porcentaxe de varianza con valores respectivos de 42'8, 36'2 e 48'6 por cento.

3ª) Polo que se refire ás medias dos ítems dos cuestionarios aplicados e segundo a valoración da realización de accións orientadoras e tutoriais (columna A), a orde de cualificación dos colectivos enquisados é a seguinte:

- 1º. Directores de centros educativos
- 2º. Orientadores de centros escolares
- 3º. Profesores-tutores
- 4º. Alumnado
- 5º. Pais/Nais
- 6º. Inspectores de Educación
- 7º. Orientadores de equipos específicos

4ª) En canto ás cuestións mellor avaliadas (accións de orientación feitas), sobresaen as seguintes no conxunto dos grupos:

- 1º. Control das fallas de asistencia e puntualidade do alumnado.
- 2º. Información ós pais, alumnos e profesores das actividades educativas e resultados académicos.
- 3º. Información tutorial sobre o comezo do curso.
- 4º. Atención ó estudio.
- 5º. Apoio ó alumnado nas dificultades de aprendizaxe escolar.
- 6º. Desenvolvemento de actitudes participativas.
- 7º. Valoración global dos servizos de orientación e tutoría.

5ª) Sobre as accións tutoriais realizadas que teñan peor avaliación a orde é a seguinte:

- 1º. Axuda ó alumnado nas relacións familiares.
- 2º. Prevención de drogodependencias.
- 3º. Axuda nas actividades de emprego do tempo libre.

- 4º. Axuda ó alumnado na toma de decisións persoais e profesionais.
- 5º. Asesoramento ó alumnado na elección de materias escolares.
- 6º. Apoio ó alumno/a na resolución de problemas persoais e profesionais.
- 7º. Contribución ó funcionamento das actividades extraescolares.
- 8º. Fomento de habilidades sociais e de vida no alumnado.

**6ª)** Polo que se refire ás medias das cuestións da columna B (importancia das actividades orientadoras), a orde de valoración dos distintos grupos enquisados é a seguinte:

- 1º. Orientadores de equipos de orientación específicos.
- 2º. Directores de centros educativos.
- 3º. Orientadores de centros escolares.
- 4º. Profesores-titores.
- 5º. Pais/Nais.
- 6º. Inspectores de Educación.
- 7º. Alumnos/as.

**7ª)** Respecto dos ítems valorados da columna B a ordenación é:

- 1º. Apoio ó alumnado nas dificultades de aprendizaxe escolar.
- 2º. Atención ós alumnos con problemas de comportamento persoal e social.
- 3º. Atención ó estudio.
- 4º. Prevención de drogodependencias.
- 5º. Información ós pais, alumnado e profesorado das actividades educativas e dos resultados académicos.
- 6º. Información titorial sobre o comezo de curso.
- 7º. Fomento da aceptación de si mesmo e do propio aprecio.

**8ª)** Sobre a orde de valoración dos cinco colectivos enquisados sobre as medias dos ítems da columna C (formación) é a que se expresa:

- 1º. Directores de centros educativos.
- 2º. Profesores-titores.
- 3º. Orientadores de centros escolares.
- 4º. Orientadores dos EOE.
- 5º. Inspectores de Educación.

**9ª)** En canto ás medias das cuestións mellor avaliadas da columna C (formación), a súa ordenación é a seguinte:

- 1º. Control da asistencia e puntualidade.
- 2º. Información tutorial sobre o comezo do curso.
- 3º. Información ós pais, alumnos e profesores das actividades educativas e dos resultados académicos.
- 4º. Atención ó estudio.
- 5º. Apoio ó alumnado nas dificultades de aprendizaxe escolar.
- 6º. Apoio nas relacións sociais do alumnado cos seus compañeiros, cos profesores, etc.

10ª) Polo que se refire á ordenación das accións tutoriais relativas á formación do profesorado titor, a relación é a que figura a continuación, de menor a maior valoración:

- 1º. Prevención de drogodependencias.
- 2º. Axuda nas actividades de emprego do tempo libre.
- 3º. Atención ó alumnado con problemas de comportamento persoal e social.
- 4º. Axuda ós educandos nas relacións familiares.
- 5º. Axuda ó alumnado na transición dos estudos ó emprego.
- 6º. Fomento da aceptación de si mesmo e do propio aprecio.

É paradoxal que aquelas cuestións onde é máis baixa a valoración de formación do profesorado titor (prevención de drogodependencias e atención ó alumnado con problemas de comportamento persoal e social) son accións que xorden como mellor avaliadas polos colectivos enquisados, referentes á súa importancia (4ª e 2ª lugar, respectivamente), o que revela que hai un desfasamento importante entre as accións orientadoras que se avalían como importantes e a formación nelas do profesorado titor.

11ª) Atopáronse diferencias significativas entre os profesores-titores e a parella alumnado e pais/nais respecto da realización de accións preventivas das drogodependencias.

12ª) Hai diferencias significativas entre os escolares e o subgrupo profesorado titor e pais/nais sobre a **importancia** de accións de atención ó estudio.

13ª) Existen diferencias significativas entre os profesores-titores e a parella de alumnado e pais/nais referentes á realización de accións de fomento de comunicación entre a escola e a familia.

14ª) Hai diferencias significativas entre o alumnado e os directores de centros escolares sobre a **importancia** da información tutorial sobre o comezo do curso.

15ª) Non hai diferencias significativas entre os directores, inspectores, orientadores de EOE e de centro docente relativas á **importancia** da atención ó estudio e sobre



a información ós pais, alumnos e profesores das tarefas educativas e dos resultados académicos.

16ª) Hai diferencias significativas entre os niveis educativos nos que está matriculado o alumnado e a repetición de curso, sendo un fracaso máis elevado no 2º ciclo da ESO e na formación profesional.

17ª) Hai diferencias significativas entre os niveis educativos analizados (educación primaria, ESO e ensino secundario postobrigatorio) e a dedicación titorial dos profesores-titores polo número de horas a semana, cunha maior dedicación no ensino primario e menor nos outros niveis correspondentes ó ensino secundario.

### **III. EN CANTO Á ANÁLISE CUALITATIVA DOS DATOS RECOLLIDOS NOS GRUPOS DE DISCUSIÓN E ENTREVISTAS, AS CONCLUSIONES SON AS SEGUINTE:**

1ª) Nos diferentes grupos de discusión reclamáronse plans específicos de formación de profesores-titores para atender as necesidades orientadoras e titoriais de natureza preventiva, de desenvolvemento persoal, escolar e profesional e de integración no contexto social.

2ª) En relación coa titoría, os distintos grupos de discusión e nas entrevistas grupais presentaron que a Administración ten que conceder máis tempo para a acción titorial, estimado en tres horas semanais como mínimo, así como revalorizar esa función con recoñecementos baseados en incentivos económicos e/ou con liberación de carga docente.

3ª) É necesario un recoñecemento institucional de todas as actividades que se realicen nos centros educativos, destinados a mellorar a coordinación entre os profesionais da orientación e outros axentes educativos e sociais.

4ª) Débense dotar os centros educativos de profesionais que traballen no ámbito social (educadores, traballadores sociais...), para enfrontarse ás necesidades reais que se estean presentando na convivencia nos centros educativos e, asemade, dotar as institucións e servicios de profesionais orientadores en función das necesidades de orientación segundo ratios e complexidade psicopedagóxica e social: número de alumnos/as, profesores/as, pais/nais, atención á diversidade sociocultural, persoal, etc.



**PROPOSTAS PARA A MELLORA DAS  
ACCIÓNS ORIENTADORA E TITORIAL  
EN GALICIA**



As persoas viven actualmente nun mundo social de gran complexidade e, dun xeito progresivo, desexan facer proxectos das súas propias vidas, participar dunha maneira activa na sociedade e convivir dunha forma satisfactoria coa diversidade cultural, lingüística e ética.

Neste contexto, a educación é a chave para comprender e aprender a afrontar os novos retos sociais. A formación e o ensino ó longo da vida baseado nas persoas e nas súas necesidades axudan a mellorar a mobilidade social, a competitividade económica, a empregabilidade e son un bo procedemento para lle facer fronte á exclusión social. A formación permanente é fundamental para garantir a igualdade de oportunidades e evitar a marxinação social.

As sociedades do coñecemento teñen que prepararse para afrontar os retos do cambio e así, por exemplo, a tecnoloxía dixital está transformando moitos aspectos da vida das persoas e a biotecnoloxía pode algún día ata mudar a propia vida.

As nosas perspectivas culturais veñen agrandadas actualmente polo comercio, as viaxes e as comunicacións a escala mundial. A vida presente ofrécelles mellores opcións e oportunidades ás persoas, pero tamén presenta moitos riscos e incertezas.

Os cidadáns teñen a liberdade de levar diferentes estilos de vida, pero tamén a responsabilidade de estruturar e de lles dar contido ás súas propias vivencias.

Hoxe en día, hai moita xente que prolonga a súa formación pero increméntase tamén a dispoñibilidade entre aqueles que contan cunha cualificación suficiente para manterse sen problemas no mercado laboral e os que quedan relegados e fóra del.

Os protagonistas das sociedades cognitivas son as propias persoas e o activo principal constitúe a capacidade humana para xerar e empregar coñecementos dun xeito eficiente e intelixente, sobre unha base sociocultural en permanente modificación.

Unha educación básica de elevada calidade para todas as persoas desde os primeiros anos da vida destas é un postulado principal, de tal xeito que esa preparación continuada cunha formación profesional facilitaralle á xuventude unhas novas capacidades primarias que esixe unha sociedade fundamentada no coñecemento.

Asemade, débeselles garantir ás persoas o desenvolvemento de actitudes satisfactorias ata unha aprendizaxe, habilidades e estratexias idóneas para “aprender a aprender”.

Os cidadáns deseñarán actividades de aprendizaxe congruentes, ante as súas vidas desexarán aprender e quererán facelo dun xeito continuo e, para isto, é importante que as súas experiencias de aprendizaxe na infancia sexan positivas.

Desexarán, ademais, seguilo facendo, sempre e cando dispoñan de ofertas formativas ás que poder acudir polo seu calendario, horario, ritmo de tarefas, lugar de realización e custo económico.

Sentiranse motivados a participar en ensinanzas nas que os métodos e contidos se integren axeitadamente nos seus horizontes culturais e experiencias vitais.

A motivación persoal para aprender e a variedade de ofertas de aprendizaxe son as chaves esenciais do éxito da formación e orientación continuas.

É necesario aumentar a demanda de aprendizaxe e a súa oferta, de tal xeito que todas as persoas que o desexen poidan cursar módulos profesionais abertos e libremente escollidos e non estar obrigadas a continuar camiños preestablecidos con destinos fixos. Isto representa que os sistemas educativos e formativos deben axustarse ás expectativas e necesidades persoais, e non á inversa.

As transformacións socioeconómicas están modificando e facendo máis esixente o perfil de capacidades fundamentais que todas as persoas deben dispoñer como cualificacións mínimas que posibiliten participar dunha maneira efectiva na vida familiar, comunitaria e profesional a todos os niveis, desde o ámbito local ó marco internacional.

As novas capacidades básicas son as cualificacións en tecnoloxías de información e comunicación, idiomas, cultura tecnolóxica, espírito profesional e competencias de socialización.

Trátase, pois, de ampliar áreas de coñecementos e competencias de proxección interdisciplinaria onde as capacidades xerais, profesionais e sociais se integren cada vez máis nos seus contidos e funcións.

As novas competencias básicas son requiridas para unha participación activa nunha sociedade cognitiva no mercado laboral e no traballo, na vida real e nos contextos virtuais, nun marco democrático e como persoa cunha proxección congruente da identidade e do estilo de vida desta.

As capacidades informáticas son máis novidosas e os idiomas están acadando progresivamente máis importancia para as persoas ca en épocas históricas anteriores.

As aptitudes sociais adquiren cada vez máis realce, como son a confianza, a aptitude de decidir por un mesmo, a adopción de riscos, etc., que progresivamente son

máis relevantes e espérase que os suxeitos a través delas posúan unha conducta máis autónoma que no pasado.

A capacidade de adaptarse a novos cambios, de aprender a aprender e a xestionar cantidades elevadas de fluxos de información son na actualidade competencias que se deben adquirir. Os emprendedores valoran dun xeito progresivo a aptitude para aprender novas capacidades rapidamente, así como para adaptarse a novas realidades e retos.

Neste contexto de formación continua e de aprendizaxe permanente, é preciso lograr que as persoas ó longo de toda a súa vida poidan acceder con facilidade a unha información e orientación de calidade, relativa ás oportunidades de aprendizaxe.

Hoxe en día, a diferenza do que ocurría tradicionalmente, pódese necesitar información e consello orientador sobre cómo debemos proceder en diversos intreos das nosas vidas e, ás veces, de xeito bastante imprevisible. Isto é unha parte integrante da planificación e realización dun proxecto vital como proceso continuo.

Para adoptar opcións e tomar decisións precísanse informacións, consellos e orientacións axustados, que poidan axudar as persoas nas súas eleccións e solucións *ad hoc*.

Neste marco social requírese un novo enfoque que considere a orientación como un servizo continuamente accesible para todas as persoas e, especialmente, para os nenos/as e a xuventude en xeral cunha proxección educativa, persoal, social, profesional da acción orientadora que abrangue todos os colectivos implicados.

Para vivir e traballar na sociedade do coñecemento precísanse cidadáns activos que estean motivados para continuar o seu desenvolvemento persoal, social e profesional.

Isto representa que debe cambiarse o punto de mira e o enfoque dos servizos orientadores, desde a perspectiva da oferta ou da súa demanda, enfatizando as necesidades e as expectativas dos seus destinatarios como obxectivos prioritarios.

A función dos profesionais da orientación, profesores-titores, etc. estribará en acompañar as persoas durante ese viaxe a través das súas vidas, proporcionando a información relevante, motivándoos e posibilitando a toma axeitada das decisións respectivas.

Todo isto representa un enfoque orientador e titorial máis activo que ata agora, acudindo na axuda do alumnado en lugar de esperar a que soliciten consello e facendo un seguimento dos progresos acadados. Ademais, representa tamén que se active dun xeito positivo para previr e compensar os fracasos na aprendizaxe e os abandonos ante a educación formal.

As accións dos orientadores e profesores-titores debe ser de mediación e cos intereses do alumnado como meta deben xuntar e adoptar unha información ampla que fa-

cilite a toma de decisións sobre o mellor sistema de intervención e acción orientadora e/ou titorial.

As novas fontes de información e os instrumentos de diagnóstico baseados en internet e nas tecnoloxías de información e comunicación (TIC) abren novos horizontes para mellorar o alcance e a calidade dos servicios de orientación, asesoramento e tutoría.

Os servicios de orientación deben progresar para dar un estilo de servicio máis integrado que atenda diversas necesidades e expectativas de grupos variados. Deben de estar, ademais, conectados coas redes de servicios de carácter persoal, social, formativo para intercambiar coñecementos especializados e recursos.

É responsabilidade do sector público acordar e fixar normas mínimas de calidade e definir as cualificacións para facilitar estes servicios, sen prexuízo da existencia de institucións de orientación privadas, total ou parcialmente.

Tamén é necesario modernizar e mellorar a formación inicial e continua e a evolución das carreiras dos profesionais da orientación e o asesoramento.

A crecente incorporación ós centros escolares de alumnado procedente da inmigración esixe reacomodar as estratexias, no que se refire sobre todo a recursos organizativos, humanos e incluso materiais. Neste sentido, o Consello Escolar de Galicia fai chegar á Administración educativa algunha das propostas aprobadas nos XIV Encontros de Consellos Escolares das CC. AA. e do Estado, recentemente celebradas:

- Potenciar os servicios de orientación e apoio naqueles centros con afluencia importante de alumnado inmigrante, incrementando os seus compoñentes, en especial de traballadores sociais, así como de educadores sociais para valorar, diagnosticar, intervir e asumir as novas necesidades pedagóxicas ou de compensación educativa.
- Contemplar no sistema educativo a figura do profesor de apoio nativo, tradutores e o mediador intercultural e familiar.
- Dotar de persoal cualificado para accións específicas de compensación en centros receptores de maior número de alumnado inmigrante ou de menores estranxeiros non acompañados, co obxecto de realizar un seguimento destes.
- Utilizar as redes de centros de formación do profesorado para reforzar os equipos técnicos existentes nas comunidades autónomas para os programas de atención á interculturalidade.
- Crear servicios ou áreas específicas na Administración desde onde se coordinen e dinamicen todas as accións de resposta ás necesidades de atención multicultural”.



Neste mesmo sentido, propónse a configuración dun módulo específico destinado ós centros con significativa e crecente poboación escolar inmigrante, no que se incluíría:

- “Material para o coñecemento e a profundización na identidade da comunidade autónoma, dos valores da sociedade receptora no marco autonómico estatal e europeo, adaptado ás distintas linguas e culturas.
- Material audiovisual complementario ó equipamento de idiomas (láminas para aprendizaxe de vocabulario básico, cassetes, gravadoras de man, cámara de vídeo, equipo de edición...).
- Equipo multimedia (con programas de aprendizaxe ou perfeccionamento das linguas oficiais e de tradución de textos, enciclopedias, información sobre diversas culturas...) e con conexión a internet.
- Dotación económica para adquirir fondos bibliotecarios nos idiomas presentes no centro e/ou relacionados co tema.
- Conviría, ademais, dotar preferentemente os centros con alumnado inmigrante de recursos económicos para a adquisición de libros de texto, material escolar e material didáctico de uso xeral e particular para o alumno. É preciso ter en conta que o baixo nivel económico de moitos inmigrantes non lles vai permitir proveerse nin sequer do material escolar básico, con independencia de que sexa a propia escola a que teña que prover daqueles recursos complementarios necesarios”.

Como estratexias de política educativa, sería necesario xeneralizar os servizos de orientación nos centros docentes distintos dos convencionais, como son os conservatorios de música, escolas oficiais de idiomas, escolas de artes aplicadas e oficios artísticos, colexios rurais agrupados, escolas de adultos, centros específicos de educación especial...

Igualmente, é preciso estender os servizos orientadores ós centros escolares de educación primaria de menos de 12 unidades escolares. Nas institucións de máis número de alumnado e máis complexo pola súa realidade social, económica, cultural, etc., é necesaria a dotación de máis dun orientador para lles ofrecer un servizo mellor e máis completo ós seus destinatarios, en función das súas necesidades reais.

Sobre a dedicación horaria do profesorado de niveis non universitarios á función tutorial sería necesario ampliála a tres horas a semana, como mínimo (unha hora de dedicación para os pais/nais, unha segunda para o alumnado considerado persoalmente e outra hora para a orientación grupal).

É a opinión tamén da directiva da Confederación Galega de Pais de Alumnos de Centros Públicos (Confapa), exposta nunha entrevista efectuada como parte da investigación cualitativa deste proxecto.

Este incremento na dedicación titorial respecto da situación actual debería supoñer melloras retributivas para os docentes responsables e unha revisión da súa dedicación ás funcións docentes para compensar o aumento da acción titorial.

Deberían reducirse o número de centros educativos adscritos ó Departamento de Orientación das institucións receptores e tamén o número de alumnado para orientar.

Neste sentido, a dotación do Departamento de Orientación en centros de educación infantil e primaria de menos de 12 unidades escolares posibilitaría esa función de coordinación inter-centros no ámbito da función orientadora.

Sobre a valoración das accións orientadoras no referente á realización e á formación do profesorado titor aparecen como cuestións máis relevantes as vinculadas á organización titorial, mentres que na importancia atópanse as relativas á orientación escolar e persoal.

Os colectivos que mellor valoran as funcións orientadoras son os directores, orientadores de centros e profesores-titores e os que peor os inspectores de Educación e os orientadores dos EOE, agás o referente á importancia das accións orientadoras.

Unha necesidade detectada amplamente é a de coordinación da función orientadora entre os servicios de orientación externos (equipos de orientación específicos) e os centros educativos e os internos (departamentos de orientación das institucións docentes), así como entre accións de orientación entre os centros de educación secundaria (receptores) e os adscritos de ensino infantil e primario, así como a coordinación con outras institucións profesionais dos servicios sociais, psicolóxicos, médicos, asistenciais, etc., da comunidade. Como posibles solucións para acadar a coordinación maior entre os servicios orientadores atópanse o cambio de papeis nos orientadores dos equipos específicos (EOE), o recoñecemento institucional de tempos de traballo ante o horario lectivo para xuntanzas dos orientadores co profesorado, reducir as ratio dos EOE e departamentos de orientación dos centros ampliando o número de orientadores, establecer xuntanzas periódicas entre os EOE e os departamentos de orientación dos centros docentes no tempo lectivo por sectores territoriais para intercambiar experiencias, dotación ós centros de profesionais do ámbito social, especialmente educadores sociais, etc.

Para acadar unha maior coordinación orientadora entre centros receptores e adscritos precísanse programas de acollida do alumnado nas institucións receptoras, vixilancia no transporte escolar para mellorar a convivencia dos rapaces de diversas idades e procedencias, incrementar as reunións cos pais/nais, orientadores, profesorado, potenciar as accións titoriais, etc.

Outra necesidade sentida é a da formación do profesorado en orientación e titoría e existe un gran desfasamento entre o que se lles solicita ós docentes sobre accións titoriais por parte da Administración educativa e a preparación destes neste ámbito.

A actual realidade social de carácter pluricultural, a mobilidade da poboación con constantes movementos migratorios, o xurdimento de novas realidades familiares, a crise de emprego, o incremento das drogodependencias e toxicomanías, etc. xeran novos retos á educación que, en moitos casos, o profesorado titor non está formado axeitadamente para afrontar estes riscos.

Neste sentido, son necesarios plans de formación inicial e continua para profesores-titores levados adiante por profesionais cualificados.

Nesta formación deberíase atender a orientación do ensino-aprendizaxe na especialidade curricular correspondente e tamén a orientación transversal en ámbitos psicopedagóxicos: convivencia escolar, habilidades sociais, autoconcepto e autoestima, prevención de drogodependencias, tomas de decisións, eleccións académico-profesionais, atención á diversidade, etc.

Sobre a necesidade de establecer estratexias de mellora da función orientadora e titorial (ademais das descritas), especialmente pola Administración educativa, expóñense seguidamente sen ánimo de ser exhaustivos:

- Transcender o modelo clínico en orientación de carácter correctivo e terapéutico esencialmente, empregado considerablemente aínda, por modelos de prevención, de desenvolvemento e contextualización, potenciando os programas orientadores con base nas necesidades socioeducativas.
- Arbitrar espazos e tempos para a coordinación entre orientadores de EOE e de departamentos de orientación dos centros, entre profesores-titores e o resto de docentes, cos pais/nais, cos titores de empresa para as prácticas en centros de traballo, entre os profesores-titores dos centros receptores e dos adscritos, cos servizos sociais, de saúde e municipais, etc.
- Ampliar a dotación de profesionais de orientación dos EOE e dos departamentos de orientación dos centros docentes de ensino infantil, primario e secundario, en función das súas necesidades reais. Así mesmo, dotar ós centros educativos de profesionais do espectro social, principalmente educadores sociais.
- Elaborar unha normativa básica común ós profesores-titores de todos os niveis educativos non universitarios que contemple os obxectivos, formación, funcións e competencias, dedicación, horario, retribucións, incentivos, organización, avaliación, etc. e, unha específica, atendendo ós diversos niveis e modalidades de ensino, sinalando a ratio profesor-titor-alumnado, a conexión co currículo escolar, os contidos específicos da titoría, os seus horarios, espazos para realizala...

- Sensibilizar ós directivos da educación: inspectores, directores... para potenciar as accións psicopedagóxicas de orientación.
- Recoñecemento institucional de todas as accións que se realicen nos servizos de orientación nos centros docentes, computándoas dentro do horario lectivo.
- É necesario un incremento do horario semanal de tutoría, de tal xeito que non debería ser inferior a tres horas á semana: unha para a atención ós/ás pais/nais, outra para os profesores do mesmo grupo de alumnos/as e dúas recomendables para o alumnado, unha para a atención persoal e outra para a grupal.

O Consello Escolar de Galicia, aínda considerando importantes e asumindo todas as medidas incluídas na proposta de estratexias de mellora da función orientadora e titorial realizadas polo equipo investigador, considera que para a ordenación e eficacia da acción titorial e orientadora debe subliñarse especialmente as seguintes:

- “Elaborar unha normativa básica común ós profesores-titores de todos os niveis educativos non universitarios que contemple os obxectivos, formación, funcións e competencias, dedicación, horario, retribucións, incentivos, organización, avaliación, etc. e, unha específica, atendendo ós diversos niveis e modalidades de ensino, sinalando a ratio profesor-titor-alumnado, a conexión co currículo escolar, contidos específicos da tutoría, os seus horarios, espazos para realizala...”.
- “É necesario un incremento do horario semanal de tutoría, de tal xeito que non debería ser inferior a tres horas a semana: unha para a atención ós/ás pais/nais, outra para os profesores do mesmo grupo de alumnos/as e dúas recomendables para o alumnado, unha para a atención persoal e outra para a grupal.”

## **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS**



- Alfaro, J. (1994). "Diagnóstico y evaluación". *Revista de Investigación Educativa*, 23, 576-583.
- Alonso Tapia, J. (1995). *Orientación educativa. Teoría, evaluación e intervención*. Madrid: Síntesis.
- Alonso Tapia, J. (1997). *Motivar para el aprendizaje. Teoría y estrategias*. Barcelona: Edebé.
- Álvarez González, M. (1992). *La orientación vocacional a través del curriculum y de la tutoría*. Barcelona: Graó.
- Álvarez González, M. (1995). *Orientación profesional*. Barcelona: Cedecs Editorial.
- Álvarez González, M. e Bisquerra, R. (1996). *Manual de orientación y tutoría*. Barcelona: Praxis.
- Álvarez González, N. (1992). *Orientación vocacional. Proyecto Docente*. Barcelona: Universidad (inédito).
- Álvarez Hernández, J. e outros (1998). *Guíame*. Valencia: Promolibro.
- Álvarez Rojo, V. (1993). *La orientación institucional en Andalucía*. Sevilla: Grupo MIDO/Universidad.
- Álvarez Rojo, V. (1994a). "La intervención por programas: ¿una simple innovación tecnológica?". *Revista de Investigación Educativa*, 23, 557-564.
- Álvarez Rojo, V. (1994b). *Orientación educativa y acción orientadora. Relaciones entre la teoría y la práctica*. Madrid: Editorial EOS.
- Álvarez, L. e Soler, E. (1996). *La diversidad en la práctica educativa. Modelos de orientación y tutoría*. Madrid: Editorial CCS.
- Argüís, R. (2001). *La acción tutorial: el alumno toma la palabra*. Barcelona: Graó.
- Arnaiz, P e Isus, S. (1995). *La tutoría, organización y tareas*. Barcelona. Graó.
- Arnaiz, P. e Riart, J. (1999). *La tutoría: de la reflexión a la práctica*. Barcelona: EUB.
- Arroyo, A. e outros (1994). *El Departamento de Orientación: atención a la diversidad*. Madrid: M.E.C./ Narcea SA.

- Arruga e Valeri, A. (1974). *Introducción al test sociométrico*. Barcelona: Herder.
- Arza, N. (1995). “La formación en ejercicio de los orientadores de enseñanza secundaria en Galicia (1988-1995)”. AIDIPE. VII Seminario Nacional de Modelos de Investigación Educativa. Valencia.
- Arza, N. (1998). “Aspectos organizativos e funcionais da orientación no ensino secundario”. En Sobrado, L. (edit.). *Estratexias de orientación psicopedagóxica no ensino secundario (37-95)*. Santiago: Laiovento.
- Aubrey, C. (1990). “An overview of consultation”. En C. Aubrey (Ed.) *Consultancy on the United Kingdom*. Londres: Flamer.
- Aubrey, R.F. (1982). “A House divided: Guidance and Counseling in the 20 th Century America”. *Personnel and Guidance Journal*, 61, 198-204.
- Aubrey, R.F. (1986). “The professionalization of Counseling”. En M.D. Lewis e outros. *An introducción to the Counseling Profession*. Itasca, Ill.: F.E. Peacock Pub.
- Baker, S.E. e Shaw, M.C. (1987) *Improving Counseling through primary prevention*. Columbus, OH: Merrill Pub.
- Ballesteros, M. e outros (2002). *Las competencias del profesorado para la acción tutorial*. Bilbao: Praxis.
- Bandura, A. (1977). *Social learning theory*. Englewood Cliffs: N.J. Prentice-Hall.
- Banks, J.A. e Banks, C. M. (1995). *Handbook of research on multicultural education*. Nueva York: Mac Millan.
- Baquero, G. (1985). *Métodos e técnicas de orientação educacional*. São Paulo: Loyola.
- Barcia, R. (1881). *Primer diccionario general etimológico de la lengua española*. Madrid: Álvarez Hermanos.
- Barr, M.J. e outros (1985). *Developing effective student services programs*. San Francisco: Jossey-Bass.
- Barrero, M. (1992). *Curso práctico de técnicas de estudio*. Madrid: Santillana.
- Bassedas, E. e outros (1991). *Intervención educativa y diagnóstico psicopedagógico*. Barcelona: Paidós.
- Baudrit, A. (1999). *Tuteur: una place, das fonctions, un métier*. París. Presses Universitaires de France.
- Baudrit, A. (2000). *El tutor: procesos de tutela entre alumnos*. Barcelona: Paidós.
- Bautista, R. e outros (1992). *Orientación e intervención educativa en secundaria*. Archidona (Málaga): Aljibe.



- Beck, C.E. (1973). *Orientación educacional: sus fundamentos filosóficos*. Buenos Aires: El Ateneo.
- Beltrán, P. (1996). *Tutoría 4*. Barcelona: Almadraba.
- Benavent, J.A. (1996). *La orientación psicopedagógica en España*. Valencia: Promolibro.
- Benedetto, P. (1994). "Por un modelo de formación de orientadores". *Revista de Orientación Educativa y Vocacional*, V(7), 9-22.
- Berthelot, J.M. (1993). *Ecole, orientation, société*. París: P.U.F.
- Bertolini, P. (1993). *Infanzia tra scuola e società*. Florencia: La Nuova Italia.
- Bisquerra, R. (1996). *Orígenes y desarrollo de la orientación psicopedagógica*. Madrid: Narcea.
- Bisquerra, R. (2002). *La práctica de la orientación y la tutoría*. Barcelona: Praxis.
- Bisquerra, R. (Coord.) (1998). *Modelos de orientación e intervención psicopedagógica*. Barcelona: Praxis.
- Blake, R.R. e Mouton, J.S. (1976). *Consultation*. Reading, MA: Adison-Wesley.
- Blanchard, M. e Mouzás, M<sup>a</sup>. D. (1997). *Plan de acción tutorial en la ESO*. Madrid: Narcea.
- Blasco, P. e Pérez Boullosa, A. (2001). *Orientación e inserción profesional*. Valencia: Nau Llibres.
- Bleuer-Collet, J. (1983). *Comprehensive guidance program design*. Ann Arbor, MI: Counseling and Personnel Services.
- Blocher, D.H. (1973). "Social change and the future of vocational guidance". En H. Borrow (Ed.). *Career Guidance for a new age*. Boston: Houghton Milfflin.
- Blocher, D.H. (1977). "The counselor's impact on learning environments". *Personnel and Guidance Journal*, 55, 352-355.
- Borders, L.D. e Drury, S.M. (1992). "Comprehensive school counseling programs: a review for policymakers and practitioners". *Journal of Counseling and Development*. 70,487-498.
- Borich, G.D. (1974). *Evaluating educational programs and products*. Englewood Cliffs, NJ: Educational Technology Publications.
- Boza, A. e outros (2001). *Ser profesor, ser tutor. Orientación educativa para docentes*. Huelva: Hergué Editorial.
- Braden, N. (1991). *The Psychology of self - esteem*. Bantam. Nueva York: Books.
- Brennan, K. (1988). *El curriculum para niños con necesidades educativas especiales*. Madrid. M.E.C./Siglo XXI.

- Briones, G. (1991). *Evaluación de programas sociales*. México: Trillas.
- Brown, D. e outros (1991). *Psychological consultation: Introduction to theory and practice*. Needham Heights, MA: Allyn and Bacon.
- Brown, J.H. e Brown, C.S. (1981). *Consulting with parents and teachers*. Cranston: Carroll Press.
- Brunet, J. J. e Negro, J. L. (1996). *La tutoría con adolescentes*. Madrid: Editorial San Pío X (9ª edición).
- Cailly, P (1977). *Orientación escolar y profesional de los niños*. Barcelona: Oikos Tau.
- Calvo, T. e outros (1993). *Educación para la tolerancia*. Madrid: Editorial Popular.
- Campoy Aranda, T. J. (2000). *Orientación y calidad docente: pautas y estrategias para el tutor*. Madrid: EOS.
- Canals, Q. (1994). “Acogida de los alumnos dentro de la acción tutorial”. En Arnaiz e Isus (1995). *La tutoría, organización y tareas*. Barcelona: Graó.
- Caplan, G. (1964). *Principles of preventive psychiatry*. Nova York: Basic Books.
- Caplan, G. (1970). *The theory and practice of mental health consultation*. Nueva York: Basic Books.
- Capuzzi, D. e Gross, D.R. (1991). *Introduction to Counseling*. Boston: Allyn and Bacon.
- Carballeira, J. Mª (Coord.) (2001). *Diccionario Xerais da Lingua*. Vigo: Edicións Xerais.
- Carlson, R.V. (1989). “School Counselor and school organization: What is the nature of their connection”. *The School Counselor*, 37,1,7-14.
- Caroff, A. (1986). *L'evolution institutionnelle des services d'orientation des jeunes en France*. París: INETOP.
- Carton, M. (1985). *La educación y el mundo del trabajo*. París: Unesco.
- Castaño, C. (1983). *Psicología y orientación vocacional*, Madrid: Marova.
- Castillo, S. (1990). *Orientación educativa. El consejo orientador al término de la EGB*. Madrid: Cincel.
- Casullo, M. e outros (1994). *Proyecto de vida y decisión vocacional*. Bos Aires: Paidós.
- Cermeño, F. e outros (1999). *Guía del tutor. 4º de ESO*. Madrid: ICCE.
- Chinapah, V. e Miron, G. (1991). *Evaluating educational programmes and projects: Holistic and practical considerations*. París: UNESCO.
- Clemens, H. e outros (1988). *Cómo desarrollar la autoestima en niños y adolescentes*. Madrid: Debate.

- Cline, T. (1992). *The assessment of special education needs (international perspectives)*. London: Routledge.
- Codés, M<sup>a</sup> de (1998). *Orientación escolar*. Madrid: Sanz y Torres.
- Colás, P. e Rebollo, M.A. (1993). *Evaluación de programas. Una guía práctica*. Sevilla: Edit. Kronos.
- Collison, B.B. (1982). "Needs assessment for guidance program planning: A procedure". *School counselor*, 30,115-121.
- Comisión Europea (1995). *La dimensión europea en la orientación profesional*. Luxemburgo: Oficina das Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas.
- Commission Europé (1994). *Manuel européen des Couseillers d'Orientation*. Luxemburgo: Office des Publications officielles des Communautés Européenes.
- Commission Europé (1996). *Manuel européen des Couseillers d'Orientation. Version Complémentaire*. Luxemburgo: Office des Publications officielles des Communautés Européenes.
- Conger, S. (1993). "Computer-assisted Guidance and Counseling". *Educational and Vocational Guidance*, 54, 10-15.
- Cook, T.D. e Reichardt, C.S. (1986). *Métodos cualitativos y cuantitativos en investigación educativa*. Madrid: Morata.
- Coopersmith, S. A. (1967). *The antecedents of self-esteem*. San Francisco: Freeman.
- Corey, G. (1992). *Theory and practice of counseling and psychotherapy* (3<sup>a</sup> edición). Monterey, CA: Brooks-Cole.
- Corominas, J. (1967). *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Madrid: Gredos.
- Costa, A. (1982). *Aproximación a la historia de la enseñanza primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX (1931-1936)*. Salamanca: Tese de doutoramento da Universidade de Salamanca (inérita).
- Crites, J.O. (1973). *Psicología vocacional*. Bos Aires: Paidós.
- Cronbach, L.J. e outros (1980). *Toward reform of program evaluation*. San Francisco: Jossey Bass.
- Cuadernos de Pedagogía* (1997). *Tema del mes: Tutoría y evaluación*. N<sup>o</sup> 259.
- Cuenca, F. (1987). *Cómo estudiar con eficacia*. Madrid: Escuela Española.
- Cuenca, F. (1994). *Las técnicas de estudio en la educación primaria. Manual del profesor de 1<sup>a</sup>, 2<sup>a</sup> y 3<sup>er</sup> ciclo*. Madrid: Escuela Española.

- DOG da Consellería de Educación. Orde do 1 de agosto de 1997, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG 02.09)
- DOG da Consellería de Educación. Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de infantil e colexios de primaria (DOG 02.09)
- DOG da Consellería de Educación. Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do decreto anterior (DOG 2.11.2000)
- DOG da Consellería de Educación. Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31).
- DOG da Consellería de Educación. Orde da Consellería de Educación e Cultura do 8 de agosto de 1985 (DOG do 3 de setembro).
- DOG Decreto 07/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos centros integrados (DOG 26.01)
- DOG Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27), polo que se regula a orientación educativa e profesional nos centros educativos.
- DOG Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico e centros de educación secundaria (DOG do 09.08).
- DOG Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21.10)
- D'Andrea, M. e Daniels, J. (1991). "Exploring the different levels of multicultural counseling training in counselor education". *Journal of Counseling and Development*, 70, 1, 78-85.
- De Miguel, M. (1982). "Técnicas e instrumentos de orientación escolar". *Revista de Educación*, 270, 97-112.
- De Salvador e outros (1996). *Estudio avaliativo dos departamentos de orientación no ensino primario: implicacións na intervención psicopedagóxica*. (Proxecto financiado pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia).
- De Salvador e Rodicio, M.L.(1998). *Simposium sobre a orientación. ¿Para onde camiña a orientación?* A Coruña: Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña.
- Delgado, J.M. e Gutiérrez, J. (Coords.) (1995) *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Madrid: Síntesis.
- Díaz Allué, M.T. (1993). "Bases científicas de la orientación educativa". *Revista de Orientación Educativa y Vocacional*, 4(5), 45-66.
- Díaz Allué, M.T. e outros (1997). "Orientación en educación secundaria". *Revista de Investigación Educativa*, 15, 2, 9-83.

- Díez, E. e González, R. (1996). *Taller de valores. Educación primaria*. Madrid: Escuela Española.
- Dinkmeyer, D.C. e Carlson, J. (1976). *El consultor psicopedagógico en la escuela*. Bos Aires: Guadalupe.
- Dougherty, M. (1990). *Consultation: Practice and perspectives*. Pacific Grove, CA: Brooks Cole Pub.
- Drapela, N.J. (1983). *The counselor as consultant and supervisor*. Springfield Ill: Charles E. Thomas.
- Drum, D.J. e Figler, H.E. (1973). *Outreach in counseling*. Nova York: Intext Educational Pub.
- Duncan, C. e Pryzwansky, W.B. (1993). "Effects of race, racial identity development and orientation style and perceived consultant effectiveness". *Journal of Multicultural Counseling and Development*, 21, 2, 88-96.
- Echeverría, B. (1992). "¿Nuevas cualificaciones del orientador o nueva forma de interpretar la profesión?". En AEOEP: V Seminario Iberoamericano de Orientación Escolar y Profesional. Puerto de la Cruz (Tenerife).
- Escolano, A. (1978). *Epistemología y educación*. Salamanca: Sígueme.
- Escudero, J. e Moreno, J. (1992). *El asesoramiento a centros educativos*. Madrid: Consejería de Educación y Cultura.
